

RESOLUCIÓN REITORAL DE 18 DE MARZO DE 2025 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PROPIAS Á INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O ANO 2025

A investigación, como actividade orientada a xerar novo coñecemento, constitúe unha función esencial da Universidade e un dos fundamentos da docencia. Para tales efectos, a Universidade asume o desenvolvemento da investigación científica, técnica, humanística e artística, así como a formación de persoal investigador, atendendo tanto á investigación coma ao desenvolvemento experimental e tecnolóxico.

A recente Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, cede as universidades a definición das estruturas de investigación e transferencia e de intercambio do coñecemento e innovación. Con todo, nesta fase de transición e seguindo a antiga Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril, os Estatutos desta Universidade, no artigo 103 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, indican que os labores de investigación se realizarán, principalmente, en grupos de investigación.

En virtude das facultades que lle outorgan o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 29 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar Axudas a Grupos, Centros e Agrupacións da Universidade de Vigo, en réxime de concorrencia competitiva, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan, aprobadas en sesión do 12 de marzo de 2025 polo Consello de Goberno

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

REITOR

P.D. R.R. 30/05/2024 (DOG de 10/06/2024)

A Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación



ANEXO I

Bases Reguladoras

1. Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto potenciar o desenvolvemento de actividades de investigación colaborativas entre grupos de investigación que axuden a desenvolver as liñas estratéxicas da Universidade, así como a transferencia dos resultados no ámbito nacional e internacional.

A convocatoria será de concorrencia competitiva nos termos previstos na normativa xeral de reasignación, desagregación e redistribución de créditos, sen prexuízo das excepcións que se poidan prever nas bases específicas desta convocatoria.

2. Modalidades

Modalidade A - Promoción da Investigación

A.1.- Contratos programa con grupos de Investigación

A.2.- Preparación de proxectos internacionais de I+D+i

A.3.- Reparación de equipamento científico

Modalidade B - Reunións científicas

B.1.- Organización de congresos e reunións científicas

B.2.- Realización, comisariado e montaxe de exposicións artísticas

B.3.- Visita de investigadoras e investigadores

3. Características das axudas

Modalidade A:

A.1: Contratos programa con grupos de investigación:

Esta acción ten como obxectivo principal facilitar o financiamento dos grupos de investigación de calidade da Universidade de Vigo e contribuír ao incremento da súa competitividade na captación de recursos externos de I+D+I, especificamente, para que aqueles grupos de investigación que tendo concorrido á convocatoria autonómica anual para a consolidación de grupos de investigación e non resultaron adxudicatarios, poidan dispoñer dun financiamento basal que lles permita mellorar a súa organización, estratexia e resultados, para tentar o éxito na próxima convocatoria. Esta asignación debe facilitar o funcionamento dos grupos con financiamento flexible e adaptado ás súas necesidades e adoptará a fórmula do contrato-programa, para o que a persoa coordinadora do grupo propondrá unha planificación de actividades. A concesión destas axudas está asociada á resolución da convocatoria autonómica de axudas estruturais a grupos do ano 2025 e estará orientada aos grupos que participaran



na devandita convocatoria e que resultasen ben valorados pero non conseguiran ser adxudicatarios.

Quen sexa solicitante desta asignación comprométese a solicitar as axudas análogas da Xunta de Galicia e Ministerios, no caso de existir convocatoria en calquera momento dos anos 2025 e 2026, e de cumprir os requisitos. Se se lle concedese algunha destas axudas, procederase á rescisión da concedida pola Universidade de Vigo.

Os grupos de investigación beneficiarios deste programa teñen a obriga de manter durante o tempo de desfrute da asignación, como mínimo, a composición do grupo rexistrada na data de fin de prazo de presentación de solicitudes. Non obstante, poderá realizarse durante o período de desfrute calquera cambio na composición do grupo que supoña incremento no número de membros, e polo tanto da masa crítica e do currículo do mesmo.

A.2.- Preparación de proxectos internacionais de I+D+i

Esta acción ten como obxectivo incentivar aos equipos de investigación e persoal investigador na coordinación e participación na preparación de propostas a programas internacionais de I+D+i en convocatorias competitivas e de prestixio. Deste modo preténdese contribuír ao retorno dos investimentos españois na I+D+i nomeadamente europea.

A.3.- Reparación de equipamento científico

Esta acción ten como obxectivo axudar aos grupos de investigación na reparación e mantemento da súa infraestrutura científica en funcionamento. Isto inclúe a reparación e posta a punto do equipamento, quedando loxicamente excluídos os gastos funxibles e a substitución daquelas partes do equipamento que teñan necesariamente que seren substituídas cada certo tempo (por exemplo, as lámpadas dos espectrofotómetros ou as cubetas de moitos equipamentos).

En ningún caso se terán en conta as reparacións e mantementos xa financiados co cargo a axudas externas de I+D+i.

Modalidade B:

B.1.- Organización de congresos e reunións científicas

Esta acción ten como obxectivo estimular a organización de congresos científicos sobre problemas especializados concretos, que permitan o intercambio de coñecementos entre especialistas, españois ou estranxeiros, sempre que se cumpra o requisito imprescindible de que se presenten e defendan traballos científicos orixinais que deberán ser publicados nun libro de actas.

B.2.- Realización, comisariado e montaxe de exposicións artísticas



Esta acción ten como obxectivo o apoio ao desenvolvemento da investigación no eido da creación artística.

B.3.- Visita de investigadoras e investigadores

Esta acción ten como obxectivo fomentar as visitas que teñan lugar no ano 2025 de investigadores e investigadoras de sona internacional que poidan pronunciar conferencias sobre temas da súa especialidade. Así mesmo, tamén pretende facilitar a celebración de reunións de traballo, debate, e exposicións de obra plástica entre persoal investigador da nosa comunidade universitaria e de quen estea dirixindo traballos análogos noutros centros de investigación, preferentemente estranxeiros.

4. Solicitantes

Modalidade A - Promoción da Investigación

Tipo de axuda	Poden solicitar a axuda:
A.1: Contratos programa con grupos de investigación	Grupos de investigación da Universidade de Vigo que sendo admitidos na convocatoria de Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG para o ano 2025 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional, nas modalidades de Grupos de Referencia Competitiva e Grupos con Potencial de Crecemento, non resulten adxudicatarios das mesmas. Non poderán concorrer nesta convocatoria aqueles grupos que xa teñan recibido esta axuda en máis de dúas convocatorias nos últimos seis anos.
A.2.- Preparación de proxectos internacionais de I+D+i	Equipos de investigación da Universidade de Vigo que presenten propostas de proxectos internacionais de I+D do programa Horizonte Europa ou outros Programas Europeos, ou que asistan aos "Info days" e a eventos específicos de búsqueda de socios en convocatorias Horizonte Europa. Poderanse considerar tamén outras convocatorias internacionais competitivas de prestixio, sempre que o importe total do proxecto solicitado pola Universidade de Vigo supere 240.000 €, e participen nel tres países. Inclúense nesta convocatoria a axuda para á preparación de propostas das modalidades "Starting Grant, Consolidator Grant ou Advanced Grant", comprometéndose o investigador/a á súa presentación no prazo máximo dun ano dende a obtención da axuda.
A.3.- Reparación de equipamento científico	Grupos de investigación rexistrados na Universidade de Vigo que teñan pagado gastos de pequenas reparacións de equipamento científico no periodo comprendido entre as datas de remate do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria 2024 e esta de 2025 Só se poderá solicitar unha axuda por grupo de investigación.



Modalidade B: Reunións científicas

Tipo de axuda	Poden solicitar a axuda
B.1.- Organización de congresos e reunións científicas	Grupos, agrupacións e os centros de investigación da Universidade de Vigo, a través do seus coordinadores/as e directores/as. Só se poderá solicitar unha asignación por grupo de investigación, agrupación ou centro de investigación, e por cada congreso. Aos efectos desta convocatoria non se considerará a organización de cursos ou ciclos de conferencias. Os congresos deberán realizarse durante o ano 2025 ou 2026.
B.2.- Realización, comisariado e montaxe de exposicións artísticas	Persoal investigador doutor que teña como un dos seus posibles resultados o comisariado, a realización ou montaxe dunha exposición da(s) obra(s) creativa(s) que teña lugar durante o ano 2025, e que sexan membros dun grupo de investigación rexistrado no Servizo de Investigación da Universidade de Vigo, segundo as categorías profesionais indicadas no apartado 1 do artigo 1 da "Normativa de grupos, agrupacións e centros singulares de investigación da Universidade de Vigo". Cada solicitante soamente poderá presentar unha solicitude por ano e por exposición. Consideraranse tamén as solicitudes presentadas por varios investigadores ou investigadoras no caso de exposicións conxuntas. Así mesmo, poderanse presentar solicitudes para as exposicións colectivas finais das titulacións impartidas na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo; só se poderá presentar unha solicitude por titulación, que será cursada polo coordinador ou coordinadora da mesma.
B.3.- Visita de investigadoras e investigadores	Grupos de investigación da Universidade de Vigo e centros de investigación da Universidade de Vigo, a través do seus coordinadores/as e directores/as. Poderá solicitarse o financiamento para a visita simultánea de máis dun/ha investigador/a, no caso de celebrarse reunións de traballo, debate, talleres, seminarios, e laboratorios en calquera ámbito da investigación ou da creación artística. Só se concederá unha axuda a visitas por centro ou grupo solicitante. Só se considerarán as solicitudes de visitas nas que se contemple a realización de actividades (conferencias, xornadas, obradoiros) abertas a toda a comunidade universitaria, e non só ao grupo de investigación.



5. Natureza e contía das axudas

Modalidade A: Promoción da Investigación

Tipo de axuda	Contía	Observacións
A.1: Contratos programa con grupos de investigación	Importe máximo: 20.000 € que se librará en 2 anualidades (reservándose 80.000 € no exercicio orzamentario 2025) nas contías que determine a Comisión de Investigación segundo a participación do grupo beneficiario como grupo de referencia competitiva ou como grupo de potencial crecemento e, en todo caso, en función da puntuación obtida na convocatoria 2025 da Xunta de Galicia de Axudas para Consolidación e Estruturación de Unidades de Investigación Competitivas do Sistema Universitario de Galicia.	Se a resolución das axudas de Consolidación da Xunta de Galicia é posterior ao 31 de outubro de 2025, os grupos poderán solicitar que a totalidade da asignación se dote no exercicio 2026. Non se autorizará a incorporación de remanente dunha anualidade ao exercicio económico seguinte en ningunha das modalidades previstas.
A.2.- Preparación de proxectos internacionais de I+D+i	Por coordinación ou ERC: importe máximo 5.000 € Por participación como socios: importe máximo 3.000 €.	Destinadas a financiar: a. Contratación de consultoras ou de persoal profesional externo especializado. b. Asistencia a info-days, eventos de presentación ou de búsqueda de socios HEurope. Neste caso a axuda non superará os custos de desprazamento realizados. Ademais esta axuda é incompatible coas axudas á mobilidade de investigadores e investigadores para o mesmo fin. c. Outros gastos asociados á presentación de propostas (traducións, informes de vixilancia ou do estado da técnica,...) En ningún caso se autorizará a incorporación de remanentes ao exercicio 2026.
A.3.- Reparación de equipamento científico	Importe máximo: 1.000 €	Destinadas a financiar gastos de reparación. A asignación librarase no ano 2025 e non se autorizará a incorporación de remanentes ao exercicio 2026.

Modalidade B: Reunións científicas



Tipo de axuda	Contía	Observacións
B.1.- Organización de congresos e reunións científicas	Organización do congreso/reunión científica: importe máximo 3.000 €	A asignación librarase no ano 2025 e non se autorizará a incorporación de remanentes ao exercicio 2026. Se o congreso/reunión científica se realiza no 2026, poderase solicitar que a asignación se libre no primeiro trimestre do ano 2026. Indicarase de modo explícito no formulario de solicitude.
B.2.- Realización, comisariado e montaxe de exposicións artísticas	Comisariado, realización ou montaxe de exposición: importe máximo 1.000 €	A asignación librarase no ano 2025 e non se autorizará a incorporación de remanentes ao exercicio 2026.
B.3.- Visita de investigadoras e investigadores	Importe máximo: 1.000 € coas seguintes limitacións: 1.- Estadía: só para visitas de fóra da comunidade autónoma de Galicia: 75 € por día completo. 2. Desprazamento: - Comunidade Autónoma de Galicia: 50 €. - Península Ibérica e Baleares: 275 €. - Canarias, Azores e Madeira: 450 €. - Europa / hemisferio norteafricano: 500 €. - Resto do mundo: 1.000 €.	A asignación librarase no ano 2025 e non se autorizará a incorporación de remanentes ao exercicio 2026.

6. Financiación das axudas

Os fondos destinados ás axudas da modalidade A irán con cargo á aplicación orzamentaria 2025 00VI 131H 641.02 co importe máximo de 160.000 €.

A cantidade estimada para as axudas a contratos-programa, modalidade A.1., é de 80.000 €, para as axudas á preparación de proxectos internacionais de I+D+I é de 65.000 €, para as axudas á reparación de equipamento científico é de 15.000 €. Sen embargo, no caso de haber solicitudes en lista de agarda, os importes poderán empregarse indistintamente nunha ou outra modalidade ata o límite máximo de 160.000 €.

Os fondos destinados ás axudas da modalidade B irán con cargo á aplicación orzamentaria 2025 00VI 131H 641.05 co importe máximo de 78.000 €.



A cantidade estimada para as axudas á organización de congresos e reunións científicas é de 56.000 €, para as axudas á realización, comisariado e montaxe de exposición é de 11.000 € e para a visita de investigadoras e investigadores é de 11.000 €. Sen embargo, no caso de haber solicitudes en lista de agarda, os importes poderán empregarse indistintamente nunha ou outra modalidade ata o límite máximo de 78.000 €.

A data máxima para a execución de cada anualidade é o 31 de decembro do ano correspondente, sen prexuízo do cumprimento obrigado das normas de peche de cada exercicio económico. En ningún caso se autorizará a incorporación do remanente dunha anualidade ao exercicio económico do ano seguinte.

7. Obrigas dos beneficiarios

O personal investigador, grupos, agrupacións ou centros beneficiarios das axudas deberán manter os requisitos que deron lugar a concesión ata o cumprimento de todas as obrigas establecidas na convocatoria.

O personal investigador, grupos, centros ou agrupacións solicitantes das subvencións comprométese a solicitar as axudas análogas da Xunta de Galicia e Ministerios, en caso de existir convocatoria en calquera momento do ano 2025, e de cumprir os requisitos. De serlle concedida algunha destas axudas deberán comunicalo á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación para proceder á rescisión total ou, de ser o caso, parcial da axuda concedida pola Universidade de Vigo.

Cumprir coas obrigas previstas para cada tipo de axuda.

Todas as publicacións, información e documentación das actividades financiadas, deberán facer constar a colaboración e financiamento da Universidade de Vigo.

No prazo de dous meses, contados a partir do remate da aplicación da axuda, os beneficiarios/as deberán presentar ante a Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación un informe final no que se describan os resultados acadados. Dito informe deberá conter os seguintes apartados:

- a) Resumo dos resultados da actividade en relación cos obxectivos propostos.
- b) Informe económico: detallando todos os gastos realizados con cargo a axuda recibida.
- c) Documentación que acredite a publicidade da colaboración prestada pola Universidade de Vigo.

O non cumprimento desta obriga dará lugar ao inicio de procedemento de devolución da asignación concedida.

8. Incompatibilidades

As axudas son incompatibles con calquera outra axuda de entidades públicas e privadas para a mesma finalidade e/ou período que financie o custo total da actividade.



O importe das axudas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

9. Órgano instructor

As actividades de ordenación e instrución do procedemento de concesión corresponden á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación que estará asistida pola Sección de Investigación como unidade de xestión e pola Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno no correspondente á fase de concreción da adxudicación e proposta de resolución provisional.

10. Prazo de presentación e formalización de solicitudes

Para as axudas a contratos-programa na modalidade A.1, o prazo para presentar a solicitude será o que se indique na invitación cursada aos grupos que non resultaran adxudicatarios na convocatoria autonómica de axudas estruturais a grupos do ano 2025 e que resultasen ben valorados.

Para as restantes axudas, o prazo de presentación das solicitudes remata o **18 de abril de 2025**.

As solicitudes, acompañadas pola documentación prevista para cada axuda, deberán tramitarse a través do módulo de convocatorias do Sistema Unificado de Xestión de Investigación (SUXI) no que se debe estar rexistrado. O acceso ao SUXI realízase a través da secretaría virtual da Universidade de Vigo no seguinte enderezo: <https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/>

Unha vez rematado o rexistro, o formulario de solicitude resultante, xerado pola aplicación, asinarase e presentase a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no seguinte enderezo <https://sede.uvigo.gal/> mediante unha instancia xenérica SXER, sen prexuízo de que tamén poida presentarse nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes non se admitirán cambios nas solicitudes.

As solicitudes deberán acompañarse da seguinte documentación, de ser o caso:

Modalidade A - Promoción da Investigación

Tipo de axuda	Documentación
A.1: Contratos programa con grupos de investigación	
A.2.- Preparación de proxectos internacionais de I+D+i	Deberá subirse ao módulo de convocatoria a seguinte documentación: • Proba da presentación ou compromiso se aínda non se presentou e parte da memoria onde apareza a participación e orzamento da Universidade de Vigo. • Datos do “Info day” ou do evento de búsqueda de socios Horizonte Europa ao que se pretende asistir ou ao que se asistiu. • Facturas e folla de pedimento e/ou folla de liquidación no caso dos gastos de desprazamento.



A.3.- Reparación de equipamento científico	Factura electrónica e xustificación do pago realizado.
--	--

Modalidade B: Reunións científicas

Tipo de axuda	Documentación
B.1.- Organización de congresos e reunións científicas	• Memoria científica xustificativa do congreso. • Orzamento equilibrado de gastos e ingresos, incluíndo a asignación solicitada e cotas de inscrición, se é o caso, e outros ingresos. • Relación de membros do Comité Organizador e/ou Comité Científico se é o caso. • Programa provisional no que conste a relación prevista de conferenciantes que se convidan e as actividades a realizar.
B.2.- Realización, comisariado e montaxe de exposicións artísticas	• Descrición do proxecto expositivo indicando as obras previstas (nº), títulos e ficha técnica das mesmas. • Orzamento detallado dos custos da montaxe da exposición.
B.3.- Visita de investigadoras e investigadores	• Breve currículo do investigador/a ou investigadores/as visitantes. • Resumo da investigación que está a realizar o grupo ou centro de investigación. • Resumo das actividades que se van realizar durante a visita (conferencia/s, programa de reunións) e xustificación do interese das mesmas para a comunidade universitaria en xeral e para o desenvolvemento das liñas de investigación do grupo ou centro solicitante.

11. Emenda de solicitudes

Recibidas as solicitudes, e revisados os expedientes conforme ao establecido nas bases desta convocatoria, ditarase resolución provisional de persoas admitidas e excluídas coa súa causa de exclusión se a documentación achegada fose incompleta ou contivese erros emendables.

Os grupos solicitantes excluídos disporán dun prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web de convocatorias da Universidade de Vigo <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>, para que emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. De non facelo, entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.

Durante o período de emenda non se poderán reformular as solicitudes presentadas.

12. Avaliación e selección de solicitudes

A avaliación e selección será efectuada pola Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, segundo os criterios seguintes criterios:



Modalidade A - Promoción da Investigación

Tipo de axuda	Criterios de avaliación
A.1.- Contratos programa con grupos de investigación	- Resultados obtidos polos grupos de investigación da Universidade de Vigo na resolución da convocatoria de Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG para o exercicio 2025 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nas modalidades de Grupos de Referencia Competitiva e Grupos con Potencial de Crecemento. - Poderase establecer unha puntuación mínima necesaria. - Procurarse, de haber candidaturas axeitadas, asignar un mínimo de dous axudas a grupos por ámbito de coñecemento, caso de existiren candidatos axeitados, co fin de premiar os mellores grupos dentro de cada ámbito.
A.2.- Preparación de proxectos internacionais de I+D+i	- Relevancia do proxecto presentado (importe total, número de países implicados, convocatoria). - As solicitudes priorizaranse: 1) propostas ao programa Horizonte Europa individuais (ERC) ou conxuntas; 2) propostas para outros programas nas que a coordinación sexa realizada por investigadores e investigadoras da Universidade de Vigo. - Seleccionaranse solicitudes de grupos de investigación distintos, e de ámbitos de coñecemento diferentes, en caso de existir solicitudes axeitadas que superen uns mínimos de calidade ó xuízo da Comisión de Investigación, co fin de incentivar os mellores grupos dentro de cada ámbito. - Valorarase a experiencia previa en proxectos internacionais.
A.3.- Reparación de equipamento científico	Priorizaránse as solicitudes dos grupos que non tiveran esta asignación na convocatoria anterior.

Modalidade B: Reunións científicas

Tipo de axuda	Criterios de avaliación
B.1.- Organización de congresos e reunións científicas	- Organización de congresos internacionais (tendo en conta a composición do comité científico e/ou organizador), nos que participen polo menos 3 países, que sexan avalados por organizacións de prestixio, nos que o coordinador ou coordinadora sexa un profesor ou profesora da Universidade de Vigo. - Solicitudes dos grupos, agrupacións ou centros de investigación que non tiveran estas axudas na convocatoria anterior, e as dos grupos, agrupacións ou centros de investigación que non teñan vixentes axudas estruturais a grupos da Universidade de Vigo ou da Xunta de Galicia. - Congresos que se celebren nas provincias de Ourense e Pontevedra.



	Continuidade dos congresos.
B.2.- Realización, comisariado e montaxe de exposicións artísticas	- Darase prioridade ás solicitudes para exposicións conxuntas nas que interveñan, e presenten a solicitude da axuda, conxuntamente un grupo de investigadores ou investigadoras da Universidade de Vigo, e ás solicitudes de exposicións colectivas de titulacións impartidas na Facultade de Belas Artes. Así mesmo, darase prioridade ás solicitudes do persoal investigador que non tiveran estas axudas na convocatoria anterior, e as dos investigadores que non pertencen a grupos de investigación que teñan vixentes axudas estruturais a grupos da Universidade de Vigo ou da Xunta de Galicia. - En función do número de solicitudes e a dispoñibilidade orzamentaria, a Comisión de Investigación poderá limitar o número de axudas concedidas por grupo de investigación.
B.3.- Visita de investigadoras e investigadores	- Priorizaranse as solicitudes dos grupos que non tiveran estas axudas na convocatoria anterior e as dos grupos que non teñan vixentes axudas estruturais a grupos da Universidade de Vigo ou da Xunta de Galicia. - Intentarase seleccionar solicitudes de grupos de investigación distintos, e de grupos de ámbitos de coñecemento diferentes, en caso de existir solicitudes axeitadas que superen uns mínimos de calidade ó xuízo da Comisión de Investigación, co fin de incentivar os mellores grupos dentro de cada ámbito. Unha vez avaliada e concedida a solicitude pola Comisión de Investigación, non se admitirán cambios dos/as investigadores/as visitantes.

Así mesmo, en cumprimento do Plan de Igualdade da Universidade de Vigo, poderase utilizar como criterio de priorización ou desempate a paridade de xénero na composición dos grupos de investigación solicitantes, así como que o/a investigador/a coordinador/a do grupo pertenza ao xénero minoritario nesta categoría dentro do ámbito de coñecemento correspondente. A aplicación deste criterio, se procede, realizarase segundo informe emitido pola Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

13. Concesión das asignacións

O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento será de seis meses, contado desde a data de remate do prazo de presentación de solicitudes. A non resolución en prazo faculta as persoas interesadas para entender desestimadas a súas solicitudes por silencio administrativo.

A Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación á vista da proposta da Comisión de Investigación, ditará resolución provisional motivada de adxudicación e denegación das asignacións. As persoas interesadas poderán formular alegacións contra esta resolución concedéndose para isto un



prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web de convocatorias da Universidade de Vigo <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>

Unha vez examinadas as alegacións presentadas, a Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación ditará a resolución definitiva de concesión, que expresará a relación de axudas concedidas, denegadas e, no seu caso, a listaxe de agarda.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

14. Notificacións

Todas as resolucións referidas a esta convocatoria serán publicadas para os efectos de notificación no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro de convocatorias da Universidade de Vigo cuxo enlace é o seguinte: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado no formulario de solicitude sen que estas teñan a consideración de notificación.

15. Publicidade , transparencia e tratamento de datos.

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPd") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que se facilitan na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a convocatoria 2025 de axudas propias á investigación da Universidade de Vigo, e amparados pola Lei 14/2011, de 1 de xuño da ciencia, tecnoloxía e a innovación.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria de axudas propias á investigación da Universidade de Vigo. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero,



dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es.

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.

Mediante o cumprimento do formulario de recollida de datos persoais, a persoa participante consente expresamente o citado tratamento aos efectos de cumprir coa descrita finalidade del e terá o dereito a retirar o devandito consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.

A persoa participante ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Poderá exercer os devanditos dereitos mediante solicitude dirixida ao reitor da Universidade de Vigo e presentada na sede electrónica ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir a dita solicitude directamente á delegada de protección de datos da responsable cuxa identidade e datos de contacto son Ana Garriga Domínguez, enderezo postal Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas-Marcosende, s/n 32004 Ourense teléfono: 988368834, enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, a persoa participante ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

16. Renuncias, incumprimento, devolución e sancións

A renuncia á asignación concedida farase mediante un escrito presentado a través da sede electrónica da Universidade de Vigo mediante unha instancia xenérica SXER, dirixida á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación que ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O incumprimento das obrigas contidas nesta convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución da concesión, dará lugar á obriga de devolver total o parcialmente as axudas percibidas.

O procedemento para a esixencia da devolución das axudas terá carácter administrativo a iniciativa do reitor. A comisión dalgunha infracción en materia de axudas públicas poderá dar lugar, logo da tramitación do oportuno expediente administrativo e en función da gravidade, á perda durante un prazo



de ata cinco anos da posibilidade de obter axudas da Universidade de Vigo.

Código seguro de Verificación : GEN-27bf-91cb-82df-5f7b-d147-8d67-0aca-daff | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

